

Enquisa de poboación activa. Decil de salarios do emprego

principal

METODOLOXÍA

1. Obxectivos e utilidades

O Regulamento (CE) número 1372/2007 do Parlamento Europeo e do Consello obriga a incluír a variable “salario do traballo principal” na Enquisa de Forza do Traballo da Unión Europea (Enquisa de poboación activa en España). Deste xeito introdúcese como variable de clasificación o nivel de remuneración na análise das características do emprego principal para os traballadores por conta allea ou asalariados.

O regulamento esixe que o salario estea codificado en deciles e permite que a captura da información se efectúe mediante entrevista ou utilizando rexistros administrativos. Na Enquisa de poboación activa (EPA) o Instituto Nacional de Estadística (INE) optou por empregar rexistros administrativos para obter esta variable.

2. Ámbito de investigación

Ámbito poboacional

A variable estímase para todas as persoas con traballo por conta allea ou asalariadas.

Inclúense todas as persoas que entren nas seguintes categorías:

- Traballando: persoas que durante a semana de referencia (a anterior á de realización da entrevista) traballaron, incluso de forma esporádica ou ocasional, polo menos unha hora a cambio dun soldo, salario ou outra forma de retribución, en metálico ou especie.
- Con emprego, pero sen traballar: persoas que tiñan un emprego pero estaban ausentes do mesmo durante a semana de referencia e mantiñan un estreito vinculo con el.

Non se consideran asalariados:

- Empresarios e traballadores independentes, aínda que estiveran contratados como asalariados na súa propia empresa.
- Traballadores familiares non remunerados (axudas familiares) e os membros de cooperativas que traballaban nas mesmas.

- Persoas ausentes do seu traballo, con licenza ou suspendidas que estaban debilmente vinculadas co seu emprego.
- Os traballadores estacionais, ocasionais ou discontinuos por conta allea na época de menor actividade que non traballaron na semana de referencia.

Ámbito temporal

A variable “salario do emprego principal” inclúense dentro das variables da submostra da EPA. A submostra está distribuída ao longo de todo ano e ten por finalidade proporcionar medias anuais de variables estruturais.

3. Recollida da información

Para a estimación do salario utilizáronse os seguintes rexistros administrativos:

- Declaracións anuais de retencións e ingresos a conta do Imposto sobre a Renda das Persoas físicas (IRPF) da Axencia Tributaria.
- Ficheiro de afiliacións e altas laborais da Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- Ficheiro de contas de cotización da Tesourería Xeral da Seguridade Social.

A continuación descríbese o procedemento seguido para a estimación e codificación dos salarios.

3.1. Obtención do número de identificación persoal do asalariado

Na EPA recóllense os seguintes datos persoais dos asalariados: nome, apelidos, sexo, lugar e data de nacemento e lugar de residencia. Con esta información acédese ao ficheiro central do Padrón municipal para obter o número de identificación persoal do asalariado (DNI, pasaporte, NIE)

3.2. Asignación da alta laboral correspondente á semana de referencia

Cruzando os asalariados da EPA co ficheiro de afiliacións en alta laboral da Seguridade Social detéctase a alta laboral correspondente ao emprego principal na semana de referencia da enquisa. Ademais obtense a seguinte información:

- O número de identificación do empregador principal na semana de referencia. Este número de identificación vai permitir cruzar a EPA cos ficheiros tributarios e de bases de cotización.
- O número de días traballados durante o ano no emprego principal.

Para realizar este cruce, en primeiro lugar, descártanse as altas que corresponden a réximes especiais por conta propia ou autónomos e a convenios especiais de cotización.

A continuación, asígnaselle a cada asalariado da EPA a alta correspondente á semana de referencia. Se existen varias altas para un mesmo asalariado na semana, asígnaselle a que teña máis características coincidentes coas declaradas na EPA (provincia e actividade do establecemento, tipo de xornada e duración do contrato, ...) No caso de existir varias altas coas

mesmas características tómase a que teña un contrato cun maior coeficiente de tempo parcial. No caso de seguir coincidindo escóllese a alta de maior duración no ano.

Para os asalariados do sector público con mutualidades distintas da Seguridade Social (MUFACE, ISFAS, MUGEJU), ao non poder facer o cruce anterior, descoñécese o número de identificación do empregador e o número de días en alta laboral. Debido á probabilidade de estabilidade na relación laboral deste colectivo é posible realizar unha estimación do número de días en alta mediante a información obtida na EPA.

3.3. Enlace cos ficheiros tributarios

A través do número de identificación persoal do asalariado e do código de identificación fiscal do empregador, accédese ao rexistro de declaracións anuais de retencións e ingresos a conta do IRPF para obter o **rendemento íntegro anual** contido nas claves: A (empregados por conta allea en xeral), L-14 (gratificacións extraordinarias misións de paz) e L-15 (rendementos empregos no estranxeiro).

Pódese realizar unha primeira estimación do salario mensual dividindo o rendemento íntegro anual entre doce e multiplicando o resultado polo cociente entre o número de días do ano e o número de días en alta no emprego principal. Deste xeito, corríxese o salario mensual para os asalariados que non traballaron o ano completo no emprego principal.

Entre outras, este método de estimación presenta as seguintes limitacións:

- O rendemento íntegro do traballo pode conter algúns compoñentes extra salariais: indemnizacións por despedimento fóra do legalmente establecido, atrasos, ...
- Trátase dunha estimación do salario sobre todo o ano de referencia e non sobre o mes que inclúe a semana de referencia. As condicións de traballo do asalariado na empresa puideron cambiar ao longo do ano (tipo de xornada, ocupación, ...)

3.4. Enlace coas bases de cotización da Seguridade Social

Para mellorar a estimación anterior calculáronse os salarios a partir da información contida nas bases de cotización da Seguridade Social.

As bases de cotización rexístranse mensualmente. Pódese estimar o salario mediante a suma das bases de cotización do ano de referencia dividida por doce e multiplicando o resultado polo cociente do número de días do ano e entre o número de días en alta nese ano no emprego principal da semana de referencia (igual que no apartado anterior).

Tamén é posible obter a estimación collendo a base de cotización do mes que contén a semana de referencia e multiplicando esta base polo cociente do número de días do mes entre o número de días en alta nese mes.

Estas estimacións presentan as seguintes limitacións:

- As bases de cotización teñen topos máximos e mínimos que poden alterar a estimación do salario.
- Este método non se pode aplicar aos asalariados fóra do sistema da Seguridade Social, por exemplo, aos pertencentes a mutuas de funcionarios.
- A base de cotización por continxencias comúns non inclúe as horas extraordinarias. Sempre que foi posible utilizouse a base de cotización para accidentes de traballo e enfermidades profesionais que si as incorpora.

3.5. Integración, depuración e imputación

Como xa se indicou, nalgúns casos pódese estimar o salario mediante varios métodos. No caso de que existan discrepancias entre os diferentes métodos, tívose que determinar cal era a mellor estimación do salario para posteriormente validala.

Os salarios que finalmente se estimaron obtivéronse da combinación de todas as fontes utilizadas e non se corresponden exactamente coa información recibida de ningunha delas.

Finalmente, imputouse o salario para aqueles asalariados que non foi posible estimalo mediante os rexistros administrativos e para os que a estimación obtida non se considerou fiable. Para elo utilizouse a distribución de salarios por tipo de xornada e ocupación a tres díxitos.

3.6. Codificación

Ordenáronse os salarios e codificáronse en deciles do 01 ao 10. O decil 01 corresponde ao grupo do 10% de asalariados que perciben o salario máis baixo e o decil 10 ao grupo do 10% dos asalariados que perciben o salario máis alto.

4. Presentación de resultados

Nas táboas difundidas na páxina web móstrase a distribución dos asalariados segundo o decil e as principais características demográficas (sexo, idade, nacionalidade e formación) e laborais no emprego principal (ocupación, tipo de xornada, sector económico, situación profesional e tipo de contrato).

Ademais, engadiuse unha táboa cos límites inferiores e o salario medio de cada decil. Os salarios medios son a media dos salarios brutos anuais.

Para o cálculo dos deciles publicados na páxina web do IGE tivéronse en conta unicamente os salarios dos residentes na Comunidade Autónoma de Galicia. Por este motivo, a información non coincide coa publicada na páxina web do INE.